

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS DAS
BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE
VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE**

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo primeiro.

Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que dan acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 3. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 y 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades mailos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. EXENCIONS E BENEFICIOS FISCAIS.

O Estado, as CCAA e as entidades locais non estarán obrigados ao pago das taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por tódolos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou a defensa nacional.

ARTIGO 5. COTAS TRIBUTARIAS.

A cota desta taxa será a que figura no seguinte cadro de tarifas:

| <u>CONCEPTOS</u> | <u>COTA EUROS</u> |
|---|-------------------|
| Auto-turismos: | |
| — Reserva da vía pública para aparcamento exclusivo (m ² /ano) | 23,67 |
| entrada de vehículos a traveso das beirarrúas: | |
| — A garaxes individuais, ml/ano | 7,38 |
| — A garaxes colectivos, ml/ano | 14,74 |

ARTIGO 6. DEVENGO

Devenfase a taxa e nace a obriga de contribuír:

— Nos servizos de retribución puntual, no momento da presentación da oportuna solicitude de concesión ou autorización, aplicándose para a determinación de cotas os seguintes criterios:

- As altas ou inicio de aproveitamentos surtirán efectos o 1º día do período impositivo en que se formulen.

- As baixas ou cese dos aproveitamentos surtirán efectos para o período impositivo seguinte a aquel en que se formulen.

— Nos servizos de retribución periódica, devengarase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

ARTIGO 7. LIQUIDACION.

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente no momento da presentación da oportuna solicitude de concesión ou autorización.
- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos na Lei Xeral Tributaria para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 8. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

ARTIGO 9. INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 10. NORMAS DE XESTION

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.
- Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

DISPOSICIÓN FINAIS.

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.
2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.